



CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA A FORMACIÓN DE DOCENTES EN EDUCACIÓN EMOCIONAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Eu, secretario xeral de Educación e Formación Profesional

DECLARO:

Que a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue, desde a data na que se asina este convenio (28 de xaneiro de 2020) ata a finalización do Curso de Postgrao de Especialización na Educación Emocional ofertado pola (USC) para o curso escolar 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer unha colaboración entre a USC e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, actual Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para **a formación específica en Educación Emocional a profesorado docente desta consellería.**

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte;

Que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ten interese en definir un modelo formativo en cascada neste caso, referido á Educación Emocional, que permita a profesorado formado en Educación Emocional que adquira a especialización necesaria para formar ao profesorado en Educación Emocional, e por iso que a Consellería establece este convenio de colaboración coa USC.





Con motivo de ter a USC, un Curso de Postgrao de Especialización na Educación Emocional establecido de acordo co Regulamento de Estudos de Propios de Posgrao e Formación Continua aprobado polo Consello de Goberno da USC o 4 de febreiro de 2015, que se desenvolverá no curso académico 2019-2020, a Consellería establece un convenio de colaboración con esta entidade para impartir formación e formar a persoal docentes especialista en Educación Emocional.

Ambas institucións consideran moi conveniente a colaboración mutua co obxecto de promover a formación de profesorado especialista en Educación Emocional e aunar esforzos de cara a que o alumnado dos centros educativos se beneficien do potencial desta acción formativa.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrencia pública para a realización desta actividade, por tratarse esta dunha actividade única e especial que se imparte de forma exclusiva na Universidade de Santiago de Compostela e na que se abordan os contidos formativos especificados no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria.

